

## Calendario de presentación dos TFG do curso académico 2018/19

### Segunda Edición de Actas (xullo 2019)

**1 de xullo** (luns): data límite de entrega na Secretaría Virtual do “Informe de Conformidade” da titora ou titor.

**4 de xullo** (xoves): data límite do trámite virtual para que a/o estudante solicite a defensa oral do TFG. Deberá imprimir as dúas copias que xera o sistema e que entregará no trámite seguinte.

**10 de xullo** (mércores): data límite para a entrega, por parte do alumnado, do TFG no Negociado de Asuntos Xerais da FFT (decanato). A/O estudante debe entregar tres copias en papel, acompañadas das dúas copias xeradas cando fixo a solicitude virtual, ás que se lle dará rexistro de entrada. A/O estudante tamén debe achegar unha copia electrónica á dirección [sdfft@uvigo.es](mailto:sdfft@uvigo.es); débese indicar no asunto da mensaxe a sigla TFG máis a sigla do grao correspondente (GLE/TI/GEGE) máis os apelidos do/a estudante– por exemplo: *TFG GLE Pérez Pérez*.

**10 de xullo** (mércores): data límite para a entrega no Negociado de Asuntos Xerais do “Informe de Titor/a” de cada TFG que conte co viste e prace para a súa entrega. No informe, modelo da FFT, constará a nota proposta pola/o titor/a, que representa o 30% do total da cualificación.

**11 de xullo** (xoves): entrega da documentación (copias dos TFG e informes das/os titoras/es), por parte do Negociado de Asuntos Xerais ás presidencias das comisións avaliadoras.

**15 de xullo** (luns): data límite de comunicación, por parte das presidencias das comisións avaliadoras ao Negociado de Asuntos Xerais, das datas e horas previstas para a defensa de cada TFG.

**16 de xullo** (martes): comunicación, por parte do Negociado de Asuntos Xerais, das datas e horas previstas para a defensa de cada TFG. Estas datas publicaranse no taboleiro do decanato e no espazo FAITIC da materia.

**16 de xullo** (martes): *data límite de entrega de actas da segunda convocatoria para as outras materias.*

**18, 19, 22, 23, 24 de xullo**: datas previstas para as defensas públicas dos TFG.

**26 de xullo** (venres): data límite para a entrega no Negociado de Asuntos Xerais, por parte das/os secretarías/os, das actas das actuacións das comisións coas correspondentes propostas de cualificación desglosadas (30% da/o titor/a + 70% da comisión avaliadora).

**26 de xullo** (venres): data límite para a entrega na Secretaría Virtual e na Secretaría de Alumnado, por parte das secretarías e secretarios, das actas das actuacións das comisións coas correspondentes propostas de cualificación.